

## A PARTICIPACIÓN NOS INGRESOS DO ESTADO DOS CONCELLOS

(Liquidación Definitiva Ano 2012)

O Ministerio de Facenda publicou no mes de xullo as cifras definitivas da Participación nos Ingresos do Estado correspondentes ao ano 2012 dos concellos. A contía final ascendeu a un total de **9.807,34 millóns de euros**, excluídos a efectos deste artigo as cantidades correspondentes aos concellos do País Vasco e Navarra polo seu réxime especial.

Dado que as Entregas a Conta foron inferiores ao cálculo da participación final, a liquidación definitiva global foi positiva, e ascendeu a **447 millóns de euros**, aínda que hai que apuntar que, a pesares disto, 1.000 concellos integrados no Réxime Xeral terán que reintegrar unha parte do percibido no seu día, pola incidencia dos diferentes índices utilizados nos criterios de reparto na entrega a conta inicial con respecto á liquidación.

Outra conclusión xenérica que se pode facer é que as cifras constatan un ano máis que os concellos menores de 20.000 habitantes saen moito máis baratos ao Estado. Así, os 7.216 concellos situados neste tramo, que acumulan un 31% da poboación total, perciben tan só un 22% do montante total. Pola contra, os 6 concellos que superan os 500.000 habitantes, e que representan ao 17% da poboación, reciben preto dun terzo da contía.

### O CASO GALEGO

A participación definitiva dos concellos galegos ascendeu finalmente a **496,5 millóns de euros**, pero neste caso tamén atopamos unha dobre vertente. Así, e a pesares de que a liquidación final global tivo un **saldo positivo de 21 millóns de euros**, isto non impide que ata **46 concellos galegos** teñan que reintegrar ao Fondo un total de **1,7 millóns de euros**, consecuencia desa diverxencia xa mencionada entre os índices da entrega a conta con respecto á liquidación, con especial relevancia negativa novamente do criterio "Inverso da Capacidade Tributaria".

As cifras tamén evidencian o desequilibrio no reparto entre os distintos concellos. A media por habitante percibida polos municipios galegos volve a situarse novamente nunha posición moi lonxe do valor medio xeral. O municipalismo galego percibiu **178,5 euros por habitante**, **42 Euros por habitante menos** respecto á media estatal (**220,8 euros per-cápita**).

### PARTICIPACIÓN INGRESOS DO ESTADO DOS CONCELLOS GALEGOS ANO 2012

(Tramos de Poboación)

TRAMOS DE POBOACIÓN	Poboación 2012	Participación 2012 (€)	% Poboación	% Participación	€ Habitante
Menores de 5.000 Hab.	463.728	71.113.625	16,67%	14,33%	153,35
Entre 5.001-20.000 Hab.	886.992	139.925.710	31,89%	28,19%	157,75
Entre 20.001-50.000 Hab.	430.871	72.969.778	15,49%	14,70%	169,35
Entre 50.001-100.000 Hab.	348.809	68.295.604	12,54%	13,76%	195,80
Máis de 100.000 Hab.	651.098	144.111.832	23,41%	29,03%	221,34
<b>TOTAL</b>	<b>2.781.498</b>	<b>496.416.549</b>	<b>100,00%</b>	<b>100,00%</b>	<b>178,47</b>

## UN SISTEMA DE FINANCIAMENTO DOUTRO SÉCULO

Nestes últimos anos, os concellos víronse sobrealzados por unha serie de cambios notables a tódolos niveis. A profunda crise motivou que se implementaran unha serie de medidas que cambiaron o panorama municipal dun xeito moi importante: Plan de Axuste, Plan de Provedores, cumprimento estrito de estabilidade orzamentaria, outro Plan de Axuste...

Paralelamente a estas medidas, os concellos tamén sufriron os efectos da crise nas súas contas municipais, coa caída drástica da recadación nalgúns tributos locais, a minoración das liñas financeiras en distintos eidos de especial relevancia e, como feito máis destacado, as devolucións da PIE que tiveron que acometer pola errónea previsión realizada polo Estado na entrega a conta dos anos 2008 e 2009.

Tamén cabe destacar, no lado contrario, que as medidas adoptadas polo Goberno do Estado en relación ao Imposto sobre Bens Urbanos (IBI) supuxo un incremento moi relevante da recadación por este concepto para un número importante de concellos, que se ve plasmado nas contas dos concellos dos últimos exercicios liquidados.

A isto hai que sumarlle os efectos derivados da aprobación da Lei 27/2013, de racionalización e sostibilidade da administración local, que é a reforma máis importante acometida no eido local dende o ano 1985, aínda que os resultados que se poden derivar destas importantes medidas contidas nesta disposición están por determinar, e xeran razoables incógnitas. Proba disto é que no primeiro semestre deste ano aprobáronse diversas Leis e Decretos autonómicos para adaptarse aos complexos preceptos desta norma.

Pois ben, é sorprendente que con todos estes substanciais cambios e outros que se produciron no marco local, a liña financeira que provén do Estado, e que representa máis do 20% dos ingresos municipais anuais, non experimentara ningún tipo de modificación.

No Ano 2004 foi aprobado o novo sistema de financiamento para as entidades locais en relación á Participación nos Ingresos do Estado, no que se establecía como cambio máis revolucionario o establecemento de dous modelos diferentes de participación dentro do mesmo sistema: O Réxime Xeral e o Réxime de Cesión de impostos.

Observando os resultados, a día de hoxe, podemos dicir que foi o "establecemento dun sistema aparentemente distinto.....para que todo seguira igual", dado que as cifras non houberan cambiado en exceso si se mantivera o modelo aplicado en anos anteriores.

Pero ao longo deste anos, si se produciron diferentes situacións que puxeron de manifesto os graves defectos formais que o propio modelo tiña de partida, e que prexudicaron de forma moi importante a estabilidade financeira de moitos concellos, e que xa foron postos

de manifesto en diversos informes económicos que na materia se realizaron dende a FEGAMP.

Así, os concellos galegos acumularon dende o ano 2006 ata o 2012 un diferencial negativo respecto á media estatal duns **1.000 millóns de euros** (cuantificado en euros por habitante), que é aproximadamente a metade do orzamento anual dos 314 municipios da nosa comunidade, situación que se incrementará cando se coñeza a liquidación definitiva dos vindeiros exercicios 2013 e 2014.

No reparto por Tramos de Poboación atopamos tamén os mesmos desequilibrios. Os concellos maiores de 500.000 habitantes practicamente triplican cada ano o que perciben de media os concellos menores de 20.000 habitantes en termos per-cápita.

E en relación aos criterios de reparto do modelo xeral, os novos criterios aprobados no ano 2004 non só non melloraron o modelo aplicado nos anos anteriores, senón que agravaron as problemáticas tradicionais, acrecentados pola diferenza negativa que se produciu en 2008 e 2009 da contía das Entregas a Conta realizadas con respecto á liquidación definitiva.

Sen ter en conta os datos resultantes da liquidación dos exercicios 2008 e 2009, negativa para practicamente a totalidade dos concellos, cabe analizar o que aconteceu nos anos 2006, 2007, 2010, 2011 e 2012, nos que a liquidación global foi positiva.

Pois ben, nestes anos, máis da metade dos municipios galegos tiveron que acometer reintegros ao Estado nalgún destes exercicios, a para 18 concellos o resultado da liquidación foi negativo en tres ou máis destes períodos.

Os reintegros a realizar por algúns destes concellos foron absolutamente disparatados e inexplicables para un sistema que, ante todo, debería conferir prioritariamente unha estabilidade financeira aos municipios, máis se cabe, no contexto actual, onde o Estado esixe de forma moi específica un control minucioso das contas municipais, que se ven alteradas por unhas circunstancias absolutamente alleas á xestión ordinaria destes concellos.

Atendendo ás previsións contidas no Proxecto de Orzamentos do Estado para o Ano 2015, en xullo do vindeiro ano, cando se coñeza polo miúdo a liquidación individualizada de cada entidade local correspondente ao ano 2013, asistiremos a un novo episodio no que algúns concellos galegos terán que devolver novamente cantidades desorbitadas.

En definitiva, unha reforma do marco local dificilmente pode ser coherente se paralelamente á mesma non se acomete a reestruturación dunha das liñas de financiamento máis importante para os concellos, máis se cabe, tratándose dun modelo que se foi manifestando ano tras ano como moi desequilibrante, discriminatório, inxusto e inestable.


## LIQUIDACIÓN DEFINITIVA PIE 2012 CONCELLOS

RÉXIMEN XERAL E CESIÓN TRAMOS POBOACIÓN

TRAMOS DE POBOACIÓN	Poboación 2012	Participación definitiva total	Liquidación	% Poboación	% Participación	Euros Habitante	Nº Municipios
Ata 100	65.410	10.764.963	407.388	0,15%	0,11%	164,58	1.098
Entre 101-1.000	1.323.152	201.526.449	8.000.495	2,98%	2,05%	152,31	3.488
Entre 1001-5.000	4.158.843	603.355.401	24.061.219	9,36%	6,15%	145,08	1.785
Entre 5.001-10.000	3.617.927	580.908.561	24.679.875	8,14%	5,92%	160,56	516
Entre 10.001-20.000	4.678.351	756.680.971	33.543.952	10,53%	7,72%	161,74	329
Entre 20.001-50.000	7.114.495	1.246.778.925	60.888.318	16,01%	12,71%	175,24	240
Entre 50.001-75.000	2.846.118	540.866.073	24.386.871	6,41%	5,51%	190,04	46
Entre 75.001-100.000	2.909.441	524.122.719	24.964.744	6,55%	5,34%	180,15	34
Entre 100.001-500.000	10.115.516	2.116.929.276	97.513.907	22,77%	21,59%	209,28	52
Máis de 500.000	7.600.910	3.225.410.113	148.760.030	17,11%	32,89%	424,35	6
<b>MEDIA</b>	<b>44.430.163</b>	<b>9.807.343.451</b>	<b>447.206.800</b>	<b>100,00%</b>	<b>100,00%</b>	<b>220,74</b>	<b>7.594</b>

22

### PIE CONCELLOS POR TRAMOS DE POBOACIÓN AÑO 2012 (euros por habitante)




## LIQUIDACIÓN DEFINITIVA PIE 2012 CONCELLOS

RÉXIMEN XERAL E CESIÓN POR COMUNIDADES

COMUNIDADES	Poboación 2012	Participación Definitiva	Liquidación	% Poboación	% Participación Definitiva	Euros Habitante
ANDALUCÍA	8.449.985	1.739.089.694	78.098.586	19,02%	17,73%	205,81
ARAGÓN	1.349.467	331.536.741	15.609.760	3,04%	3,38%	245,68
ASTURIAS	1.077.360	207.731.225	8.533.509	2,42%	2,12%	192,82
BALEARES	1.119.439	198.910.695	9.936.281	2,52%	2,03%	177,69
CANARIAS	2.118.344	397.471.552	13.425.286	4,77%	4,05%	187,63
CANTABRIA	593.861	107.618.220	4.928.224	1,34%	1,10%	181,22
CASTILLA-LA MANCHA	1.949.114	308.995.889	13.598.056	4,39%	3,15%	158,53
CASTILLA-LEÓN	2.630.097	469.220.692	21.071.889	5,92%	4,78%	178,40
CATALUÑA	7.570.908	2.036.414.866	95.851.044	17,04%	20,76%	268,98
CEUTA	84.018	15.363.638	735.339	0,19%	0,16%	182,86
EXTREMADURA	1.110.631	182.565.668	6.610.368	2,50%	1,86%	164,38
GALICIA	2.781.498	496.416.549	20.935.107	6,26%	5,06%	178,47
LA RIOJA	323.609	57.012.008	2.398.296	0,73%	0,58%	176,18
MADRID	6.587.315	1.948.556.840	97.688.936	14,83%	19,87%	295,80
MELILLA	80.802	14.968.005	789.513	0,18%	0,15%	185,24
MURCIA	1.474.449	259.765.221	10.349.677	3,32%	2,65%	176,18
VALENCIA	5.129.266	1.035.705.949	46.646.929	11,54%	10,56%	201,92
<b>MEDIA</b>	<b>44.430.163</b>	<b>9.807.343.451</b>	<b>447.206.800</b>	<b>100,00%</b>	<b>100,00%</b>	<b>220,74</b>

## PIE CONCELLOS POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS ANO 2012 (euros por habitante)



> CONCELLOS GALEGOS

Publicación da  
Federación Galega  
de Municipios  
e Provincias


23

> FINANCIAMENTO LOCAL

## PARTICIPACIÓN NOS INGRESOS DO ESTADO ANO 2015 (en millóns de euros)

ENTIDADES LOCAIS	Ano 2014	Proxecto Orzamentos Ano 2015	Creceamento	Máis de 50.000 Hab.
Entregas a Conta Concellos Réxime Xeral	4.311,08	4.573,57	6,1%	999.907
Entregas a Conta Concellos Réxime Cesión	6.552,56	7.020,82	7,1%	7
Entrega a Conta Provincias e Entes Asimilados	5.534,30	5.931,18	7,1%	983
<b>TOTAL</b>	<b>16.397,94</b>	<b>17.525,57</b>	<b>6,9%</b>	<b>1.286</b>

FONTE: Ministerio de Facenda e Administracións Públicas. Proxecto de Orzamentos do Estado para o ano 2015



## PARTICIPACIÓN NOS INGRESOS DO ESTADO ANO 2015 (en millóns de euros)

**Liquidación PIE Ano 2012**  
Consignada nos Orzamentos para o ano 2014

**Liquidación PIE Ano 2013**  
Consignada no Proxecto de Orzamentos para o ano 2015

En millóns de euros

